

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000024.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **xoves, día 19 de xuño de 2025, ás 8:45 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

INTERVENCIÓN

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIA 1/2025-

3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN 24.E) DO ORZAMENTO DO 2025: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS. ÁREA DE DEPORTES.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac32347285076898705.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 19-6-2025

sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.